

Canta bichería

Alí estaba de novo, tres anos despois e sen saber moi ben o por que, naquel calexón escuro, dentro daquela caixa de cartón que crera deixar atrás e sentindo outra vez aquela tristeza.

Lembraba á perfección como era hábito tres anos, un canciño pequeño e adorable de cor café e cunha mancha branca na orella esquerda. Un canciño que se sentía pouco querido e abandonado ata que ela apareceu.

Lembraba con cariño aquel momento, cando un día de choiva unha nena de pel branca e mans suaves se percatou da súa existencia, e despois dun anaco de indecisión, o colleu no seu colo e decidiu coidalo.

Recordaba tamén o momento en que chegou á casa, o grande e acolledor que lle parecera e a cara de sorpresa que puxeran os pais ao velo. Lembraba a conversa entre a nena e os pais, os múltiples argumentos deles en contra de acollelo e as primeiras palabras que escoitou saír da boca dela:

-O médico dixo que pode ser bo.

Non entendera o que quería decir, pero chegoulle con ver na cara dos pais que podía quedar con ela.

A partir de entón volvéransen inseparables, e a onde ela ia el ia detrás.

Con ella pasara os momentos más felices da súa vida, ou polo menos así foi ata hábito uns meses, cando algo nela comezou a cambiar.

Xa non era a nena alegre do comezo, apenas xogaba con el e case non pasaba tempo na casa. Cada vez que se despedía del tardaba semanas en volver, e o máis estranho das súas idas era que moitas se producían de noite e que seus pais ían con ella.

A última vez que se foi, había xa un mes, prometeulle entre bágoas que volvería ao día seguinte, pero iso non ocorreu, non tampouco ao día seguinte, nin ao seguinte.

Cando a pena pola súa marcha xa se volvía insoportable, percibiu o seu olor. Baixou ás presas as escaleiras e cando chegou á porta da entrada descubriu o motivo da súa falta.

Alí, dende a súa posición, viu a cara cansada do pai, os ollos chorosos da nai e a furna de cor escura que tiña gravado o nome dela e unha data e á que a nai se aferraba como se fose esvaecerse en calquera momento.

Non entendeu moi ben a situación, pero non podía crer que se fora e non o levase con ella.

Pasaron os días e a pena inundaba a casa que un día lle parecera acolladora. Sen ella xa nada era o mesmo.

Todo seguiu igual ata que unha noite o pai o colleu no colo por primeira vez en tres anos, meteu no coche e deixouno ao final do percorrido naquel lugar onde agora estaba, non sen antes despedirse cun seco:

-Lémbrasnos demasiado a ela.

Da súa antiga vida xa non tiña nada, só a imaxe dela gravada na memoria, a fotografía dunha nena pálida, de ollos claros e alegres e sorrisa amable. O único que nunca chegara a entender dela era o por que daquel pano.